

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 14 de febreiro de 2018 pola que se aproba o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Cangas.

A área de explotación e planificación portuaria da entidade pública empresarial Portos de Galicia redactou e tramitou o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Cangas, instalacións portuarias situadas no termo municipal do mesmo nome na provincia de Pontevedra, e adscritas ao ente público para a súa xestión.

Este documento foi redactado de acordo coa súa formulación prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia celebrada o día 8 de febreiro de 2018, este acordou dar a súa conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Cangas, segundo o disposto no artigo 13.e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público Portos de Galicia, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e o referido artigo 69 do texto refundido, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez vistos o expediente e o informe-proposta da xefa da área de explotación e planificación portuaria do 2.2.2018, que conta coa conformidade do director de Portos de Galicia, así como o acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia do 8.2.2018 dando a conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Cangas e elevándoo e propoñéndoo para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración da entidade pública empresarial Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Mar conferida pola Orde do 30 de marzo de 2012,

RESOLVE:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Cangas (Cangas, Pontevedra), na súa última versión asinada en febreiro de 2018 polos enxe-



ñeiros de camiños, canais e portos da entidade pública empresarial Andrés D. Cervantes Refojos, xefe do departamento de planificación portuaria, e Ana Isabel Calzadilla Bouzón, xefa da área de explotación e planificación portuaria.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: k8i55g91-dkv1-ufe8-eog6-lckclih3h878

